



Marta María García Pérez, secretaria xeral da Universidade da Coruña (UDC), que actúa de conformidade co artigo 39 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, DOG do 26 de maio, modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro, DOG do 17 de outubro

CERTIFICA QUE:

A Mesa do Claustro retomou o 5 de maio de 2025 a sesión permanente iniciada o 11 de abril, logo de rematar o prazo de presentación de emendas ao proxecto de Estatutos da Universidade da Coruña, e adoptou os seguintes **ACORDOS**:

1º) Tomar coñecemento do informe da Asesoría Xurídica, no que se considera axustado á legalidade o proxecto e se inclúen 3 consideracións para a mellora dos artigos 41.2, 72 e 104. Encoméndase á secretaria xeral introducir as consideracións no texto do proxecto.

2º) Tomar coñecemento da revisión lingüística realizada polo Servizo de Normalización Lingüística e acordar incorporar as correccións ao texto do proxecto.

3º) Tomar coñecemento das correccións técnicas suxeridas polo Grupo de Humanización que afectan aos artigos 67, 72, 84.2, 96.2, 97, 120 e 155.2, e acordar a súa incorporación ao texto do proxecto.

4º) Ordenar, cualificar e revisar as 64 emendas presentadas, adoptándose os seguintes acordos:

- Na emenda co nº de orde 33, corríxese o número de artigo, para adaptalo ao texto do Proxecto: onde di “artigo 123”, debe dicir “artigo 127”.

- Na emenda co nº de orde 42, corríxese o número de artigo, para adaptalo ao texto do Proxecto: onde di “artigo 154”, debe dicir “artigo 158”.

- Corríxese a emenda co nº de orde 19, que debe referirse ao artigo 99 e non ao 98.

- A emenda co nº de orde 61, cualificada pola persoa emendante como “emenda á totalidade no aspecto formal, non de contidos, por non utilizarse na redacción a linguaxe inclusiva”, queda sen contido, por canto as irregularidades lingüísticas postas de manifesto pola emendante foron corrixidas polo Servizo de Normalización Lingüística.

- As emendas con nº de orde 62, 63 e 64 foron presentadas para ser defendidas por unha persoa que non ten condición de claustral, polo que son inadmitidas.

- As emendas con nº de orde 3, 6, 7, 10, 15, 28, 30, 33, 37, 38, 40, 49, 52, 53, 54, 55, 56 e 58 cualifícanse como emendas de carácter técnico, o que significa que deben ser admitidas ou denegadas por criterios de legalidade ou de técnica normativa. O debate e, de ser o caso, a aprobación destas emendas farase ao inicio da sesión do Claustro, dando a palabra a cada unha das persoas emendantes e á secretaria xeral para que expoña as consideracións legais ou técnicas.

- O resto das emendas, un total de 42, serán debatidas seguindo a orde do articulado. Darase a palabra á persoa emendante e á persoa coordinadora do respectivo Grupo de Traballo e/ou, de ser o caso, a unha das persoas da Comisión Técnica que teñen a condición de claustrais.



5º) Establecer as seguintes regras de ordenación do debate e votación:

- O tempo máximo de intervención por persoa (emendante e persoa que responde) será de 5 minutos, con posibilidade dunha segunda quenda de palabra de 2 minutos.
- Cada emenda sexa votada a man alzada ao remate do propio debate.
- Finalizadas as votacións das emendas, e logo de que a secretaria xeral entregue á Mesa un texto refundido, procederase á votación da totalidade do texto dos Estatutos, que deberá ser aprobado pola maioría absoluta dos claustrais.

6º) Convocar o Claustro extraordinario en sesión permanente a partir do 12 de maio ata a aprobación dos Estatutos coa seguinte orde do día:

1. Apertura da sesión permanente do Claustro ata a aprobación dos Estatutos
2. Debate e aprobación dos Estatutos da UDC.

Coa convocatoria enviarase a seguinte documentación:

- o proxecto de Estatutos da Universidade da Coruña;
- as emendas recibidas ao proxecto de Estatutos da Universidade da Coruña;
- un informe elaborado pola secretaria xeral que recolla as diversas fases que integran o procedemento de elaboración dos Estatutos ata o día de hoxe e os acordos da Mesa para a sesión de debate e aprobación, se procede, dos Estatutos da Universidade da Coruña.

E para que conste e aos efectos oportunos asino o presente certificado na Coruña na data da sinatura dixital.